

## OBRADOIRO DE LITERATURA DESENVOLTO POLOS ALUMNOS DO IES DE PALAS CO ESCRITOR XOSÉ MIRANDA

Durante cinco días os 15 alumnos escribiron relatos e narracións centrándose nos seguintes aspectos:

1. UNHA PALABRA: Suxerencias. Palabras que comezan igual, palabras que se parecen, palabras que finalizan igual, palabras que se confunden, palabras do seu campo léxico e semántico. A relación das palabras cos sentimentos, emocións, ideas, lembranzas. Un relato é como un cesto de cereixas: cada unha leva outras prendidas.
2. GÚSTAME/NON ME GUSTA. Describiron, con xustaposicións, as cousas, as persoas e as ideas que lles gustan e non lles gustan.
3. DÚAS PALABRAS: Con dúas palabras elixidas ao azar (o binomio fantástico), construíron un relato..
4. CINCO PALABRAS: tentaron a descrición do mundo, ou dalgún aspectos do seu mundo, en torno a cinco palabras clave.
5. ADXECTIVO. Noutro relato fíxose a descrición de algo valorando a presenza ou ausencia de adxectivos acompañando aos sustantivos.
6. Construíron relatos ou vivencias en PRIMEIRA, SEGUNDA e TERCEIRA PERSOA.
7. Valorouse a importancia do COMEZO e FIN dos relatos.
8. A partir dun comezo, continuaron cada un un conto dunha maneira diferentes, dándolle distintas solucións.
9. Diálogo. Construíuse un relato dialogado, sen utilizar a descrición.
10. Monólogo interior. Outro relato nesa forma.
11. Aliteración. Intentamos construír frases. Un exemplo: aquel cabalo castaño que camiña camiño da casa (Liliana Agromartín Conde)
12. ¿Que pasaría se? Os rapaces escribiron relatos partindo dunha situación fantástica: aparece un home un no campanario da igrexa de Palas.
13. ¿Como me ven? Os alumnos escribiron un relato explicando como pensan que os ven os demais: o porteiro, o amigo, o profesor, o panadeiro, etc. (Pero poñéndose na pel dos outros)
14. A sorpresa final. Explicouselles a técnica da sorpresa final que lle dá unha volta nova ao escrito e pediuselles que constrúsen un relato así.
15. Finalmente, escribiron microrrelatos de moi poucas palabras, intentando en cada un contar o máximo cun mínimo de recursos. Exemplos: —O asasino estivo no xulgado. —¿Xa o colleron? —Non o sei. Só había cadáveres.
16. E, para acabar, cada alumno escribiu unha nova obra con tema e forma libres, aplicando as cousas sobre as que reflexionáramos.